

O tratado de Joergensen

Como todos os seráns acotío desde había dez anos, o señor don Felisindo Gómez foi na procura de don Feliciano Folgoso para iren os dous pé ante pé ao Ateneo. Encamiñouse para o despacho do seu amigo. Non estaba. Don Felisindo deu volta e foise para o comedor. Pola porta entornada, enxergou un cadro insólito: don Feliciano en mangas de camisa, estaba debruado enriba da mesa, pernas e brazos no aire, e imitaba compasadamente os movementos dunha ra...

Sen descompoñer don Felisindo empuxou a porta. Don Feliciano, véndose collido, brincou con estrépito da mesa e correu a pillar a chaqueta.

-E logo dedícase á ximnasia sueca? -preguntou don Felisindo coma se nada.

Don Feliciano achábase confuso coma unha doncela collida en camisa.

-Claro -dixo poñéndose colorado-, non lle dixera nada... mais... quería dar unha sorpresa...

Non é ximnasia.

-Pois se non é ximnasia, non dou explicado o que estaba facendo.

-Ben, e vostede sabe nadar?

-Non señor.

-Pois eu... estou aprendendo.

-Vamos -comentou don Felisindo pensativo-, xa caio. Vostede está aprendendo a nadar en seco.

—Hai que principiar por aí! -replicou don Feliciano botando lume-.

Eu aprendo a nadar por un método científico, rigorosamente científico, non empírico, e se non o cre vaino ver.

E colleu un libro e púxollo diante do nariz.

Na cuberta dicía: C. de Joergensen. *Tratado teórico-práctico da natación*.

-De certo que é cousa curiosa -afirmou don Felisindo-, aínda que lle direi que eu na auga non me meto por mor da reuma; mais fora dela, non está de máis aprender a nadar.

Desde aquela os dous amigos xuntábanse acotío, e apoiando a

barriga cada un nun tallo *ad hoc* que mandaran facer, espernexaban en catro tempos, con pernas e brazos, segundo as regras estritas do doutor Joergensen.

—O autor ten razón -aseguraba don Feliciano-, non pode chegar a nadar ben máis ca o que aprende a nadar en seco, porque el soamente executa os movementos matematicamente precisos, namentres que os rapaces que aprenden no río, sen coñecemento dos músculos que teñen que poñer en xogo, sen saberen aproveitar científicamente o esforzo dos *propulsores utilizables*, as extremidades torácicas e abdominais, adquiren unha chea de vicios e hábitos rutineiros que lles poden ser fatais. Desengánesse, Felisindo, a nosa é a natación racional, a única.

Un serán de maio, cando xa apertaba a calor, don Feliciano fixo un paquete co taparrabos e unha saba, meteu o Joergensen na man de don Felisindo, e foron para un lugar silandeiro do río. Debaixo das árbores, espiuse don Feliciano. Don Felisindo ollábao con envexa.

-Agora -dixo o nadador- eu bótome ao río, así, como indica a figura 83, e logo, vostede vaime lendo os distintos tipos de braza de peito. Comeza na páxina 191.

Púxose nas puntas dos pés, botouse elegantemente á auga, e desapareceu baixo as ondas.

Don Felisindo, emocionado, contivo o alento... El volvería? As tempas de don Felisindo batían con forza. Con man tremente, buscaba no Joergensen a páxina indicada... Ao cabo dun anaco, reapareceu don Feliciano cos cabelos apegados na calva reluciente ben mollada.

-Non ve, Gómez, que ben se flota...? Se non hai medo...! Agora, lea.

Don Felisindo principiou:



—«O corpo completamente horizontal»... Así...Agora, «1º tempo. Posición inicial. Figura 14... Os brazos e as pernas encollidas...»

Don Feliciano principioui a bater furiosamente coas mans arredándose da orela.

-Que fai vostede, desgraciado? -berrou don Felisindo erguendo o libro- Coidado! Non precipite a cadencia! Movementos pausados! Se non me deixa ler vostede!

Non había remedio; a corrente levaba a don Feliciano, que berraba con desespero e pernexaba furiosamente.

-Auxilios que afogo...! Auxilios que afogo!

Don Felisindo principioui a correr para arriba e para abaixo coma un tolo.

-Auxilios! Auxilios!

Perdera o chapeu, o bastón, ata o tratado... Por fin abesullou alá lonxe uns nadadores empíricos e foi a escape cara a eles.

-Acudan, acudan, que afoga!

Don Feliciano aboiaba alá, no medio do río, e os seus laios eran desgarrados.

Por fin os nadadores empíricos botáronse á auga e sacárono con traballo. Entre tres izárono á orela. Don Feliciano acudiu coa súa saba botándolle ao seu amigo olladas feroces:

-Que loucura! -berraba, cheo de carraxe- Que loucura!

Don Feliciano baleirábase coma un pelello, tragara máis de vinte netos de auga. Non podía falar. Batérono, fregárono, enxugárono. Por fin atopouse vestido, reaccionado, sentado nun penedo a carón de don Felisindo que lle collía as mans para confortalo.

-Foi bo susto! Foi bo susto! Agora aprendería vostede!

Don Feliciano tatexaba aterrado e arrepentido:

-Por... Deus... a... amigo Gómez... de... de... isto, nin... unha ver... ba.

-Ninguén ha de saber nada -asegurou solemnemente don Felisindo-. Palabra de home honrado!

E levou o amigo para a casa, para que se deitase. Xa na cama e ben amantado, don Feliciano preguntou cheo de medo:

-Gómez... vostede trouxo o Joergensen...? Non se perdería?

VICENTE RISCO, *Os europeos en Abrantes*. (Adaptación)

COMPRESIÓN GLOBAL

1. Explica o que é un tratado.

- ➔ Cal era o contido do tratado de Joergensen?
- ➔ Que valor tiña para os protagonistas do relato?

■ Escribe un resumo do texto.

OBTER INFORMACIÓN

2. Explica o significado destas palabras.

debruzar	tempas	aboiar	entornada	acotío
espernexas	cadencia	carraxe	propulsor	silandeiro
silandeiro	abesullar	enxugar	o serán	tempas

■ Di que palabra desta oración está empregada en sentido figurado e explicao.

Pola porta entornada, enxergou un cadro insólito.

3. Responde.

- ➔ Como e onde adestraban don Felisindo e don Feliciano para aprender a nadar?
- ➔ O día da proba no río, que debía facer don Felisindo mentres Feliciano estaba na auga?

INTERPRETAR O TEXTO

4. Escolle, entre os seguintes termos, dous sinónimos e dous antónimos de *empírico*.

teórico	imaxinario	doado
experimental	complexo	práctico

- Explica o que quere dicir don Feliciano.

Eu aprendo a nadar
por un método
científico, non
empírico



- Localiza o fragmento en que explica a utilidade dunha aprendizaxe científica da natación e responde.

- En que consisten eses coñecementos científicos?
- Que outro termo emprega como sinónimo de *científico*?
- Segundo don Feliciano, ¿que vantaxes ten coñecer esa teoría e que perigos implica descoñecela?

5. Explica a situación que reflicte este enunciado e despois responde.

Don Feliciano baleirábase coma un peello; tragara máis de vinte netos de auga.

- Que dous recursos expresivos, emprega o narrador aquí? Explícaos.
- Como cualificarías a situación que presenta: dramática ou cómica? Razóao.
- Hai algunha outra situación da historia que teña tamén ese ton? Pon un exemplo.

REFLEXIONAR SOBRE A FORMA

6. Identifica no texto un fragmento de cada tipo.

narrativo

dialogado


descritivo

- Explica cal das tres formas predomina.
 - Que expresan os anacos descritivos? E os narrativos?
 - De que forma se presentan os diálogos?
- Fíxate na forma de falar dos personaxes.
 - Cal é o nivel de lingua que empregan: culto, coloquial ou vulgar? Explícao.
 - Que fórmulas de tratamento utilizan entre eles? Pon exemplos.

7. No texto pódense distinguir dúas fases na aprendizaxe da natación.

I. Preparación. II. Posta en práctica.

Completa este esquema cos datos do texto.



REFLEXIONAR SOBRE O CONTIDO

8. Opina. Estás de acordo con esta reflexión de don Felisindo?

Na auga non me meto por mor da reuma; mais fóra dela, non está de máis aprender a nadar.

9. Explica que relación se pode establecer entre o contido do relato e esta expresión.

Facendo e desfacendo vai a meniña aprendendo.